

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de novembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de

Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 27 de novembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”, INCLUÍDA NO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final correspondente á obra de “Cambio de cuberta e instalación fotovoltaica para

autoconsumo no polideportivo do Concello de Rodeiro”, incluída no Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local 2023, por importe de CIENTO CINCUENTA E OITO MIL DOUSCENTOS SESENTA E OITO EUROS (158.268,00 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 158.268,00 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 23/97 (FACe), de data 29/11/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 30 de novembro de 2023, na que se fai constar que *“as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 29/11/23.

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 (LIQUIDACIÓN) DA OBRA DE “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”, INCLUÍDA NO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 (liquidación) correspondente á obra de “Cambio de cuberta e instalación fotovoltaica para

autoconsumo no polideportivo do Concello de Rodeiro”, incluída no Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local 2023, por importe de QUINCE MIL OITOCENTOS VINTE E SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (15.826,80 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 15.826,80 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 23/98 (FACe), de data 29/11/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

4.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON CARGO AO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2023

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local por Resolución de data 29/05/23, por importe de 140.000,00 €, ao abeiro da Orde do 9 de febreiro de 2023 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (DOG núm. 34, do 17/02/23), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 140.000,00 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
BCR DEZA ENXENEIROS S.L.	██████	23173	28/11/2023	30/11/2023	15.215,75 €
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	23/97	29/11/2023	30/11/2023	158.268,00 €
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	23/98	29/11/2023	30/11/2023	15.826,80 €

- Cantidade xustificada: 189.310,55 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTIVO DO AZ) – FASE I”, INCLUÍDA NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1, final e liquidación correspondente á obra de “Mellora de camiño rural en Vistuíde (San Cristovo do Az) – Fase I”, incluída no Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, por importe de TRINTA E CINCO MIL OITENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (35.083,53 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS

S.L.U., por un importe de 35.083,53 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2023-439 (FACe), de data 10/04/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 30 de novembro de 2023, na que se fai constar que *“as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 29/11/23.

6.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024 – ANUALIDADE DE 2023

En relación á subvención outorgada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), por Resolución de data 26/07/23, por importe total de 83.534,00 €, ao abeiro da Resolución do 28 de febreiro de 2023 para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm. 44, do 03/03/23), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos correspondentes á anualidade de 2023.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida (ano 2023): 28.994,65 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	████████	OB2023-439	29/11/2023	30/11/2023	35.083,53 €

- Cantidade xustificada: 35.083,53 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

7.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMIENTO E ARCHIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DA INTERESADA

— Vanesa dos Anjos López

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (████████) iniciado a instancia de parte:

- Comunicación previa para a execución de obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA “CASA DO MAIOR”, no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, instada por Don Javier López Taboada, na representación de Dona VANESA DOS ANJOS LÓPEZ, con data 2 de outubro de 2023 (RE-E núm. 567).

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado pola representación da interesada con data 19 de novembro de 2023 (RE-E núm. 680).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida a Dona VANESA DOS ANJOS LÓPEZ do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

8.- APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “RODEIRO É ILUSIÓN”

Infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que, por iniciativa da Concellería-Delegada de Cultura e por primeiro ano, o Concello de Rodeiro, a través da participación cidadá, e co motivo de manter o espírito do Nadal, de crear un ambiente festivo, de contar coa participación da cidadanía e, así, se favorecer as compras en todo o termo municipal presenta o Concurso de Decoración do Nadal “*Rodeiro é ilusión*” dirixido a todos os negocios, comunidades de montes, asociacións, comercios, empresas locais e familias que forman o noso municipio.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases do concurso, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de MIL TRESCENTOS CINCUENTA EUROS (1.350,00 €), co cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, para o abono dos premios establecidos nas bases para os/as gañadores/as do concurso.

ANEXO

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL "RODEIRO É ILUSIÓN "

1. — *OBXECTO.*

O obxectivo é intentar que os lugares do noso Concello se impregnen do espírito de Nadal coa colaboración de todos, cos seguintes fins:

- Dinamizar a participación activa dos/as cidadáns do Concello.
- Colaborar e infundir un ambiente de Nadal decorativo baseado en valores como o traballo en común, a fraternidade ou a cooperación.
- Contribuír ao aforro económico en torno a materiais de decoración do Nadal e dispoñer de elementos decorativos que aporten á localidade un entorno de Nadal acolledor e ilusionante.
- Fomentar o uso de materiais reciclables como recurso educativo á cidadanía a través da transformación do espazo.
- Sensibilizar do problema dos residuos e da importancia do reciclaxe.

2. — *PARTICIPANTES.*

Establécense tres categorías de participantes:

a) Familia\Individual.

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas maiores de idade con residencia no municipio de Rodeiro que realicen a decoración da fachada, balcóns ou outra zona exterior da súa vivenda.

b) Empresas, comercio e hostalería

Poderán participar os establecementos e empresas do concello que teñan escaparate ou fachada visible dende a vía pública e aqueles que ofrezan outro tipo de servizos como bares, restaurantes, cafeterías, asesorías, inmobiliarias, hoteis, pensións, estudos, etc., que dispoñan dun balcón, xanela, porta, fachada, ou calquera elemento exterior visible.

Os participantes responsabilizaranse do adecuado cumprimento destas bases e da realización dos trámites, permisos, medidas preventivas o de calquera índole que puideran ser precisas para a súa participación no concurso, eximindo ao Concello de calquera responsabilidade polo seu incumprimento ou omisión.

Todos os negocios que queiran participar deben estar abertos ao público e en posesión dos permisos administrativos correspondentes.

Para as modalidades individual/familiar e empresas, comercio e hostalaría non se require inscrición previa para a súa participación no concurso.

c) Decoración de espazos públicos.

Poderán participar as empresas locais e as asociacións e/ou agrupacións veciñais legalmente establecidas con sede en Rodeiro, que decoren unha praza ou espazo público do lugar e parroquia na que estean establecidas, agás o casco urbano do lugar de Rodeiro.

No casco urbano de Rodeiro os espazos públicos dispoñibles para a súa decoración serán unicamente os seguintes:

Palco da música.

Praza de Oseira (a zona a decorar será a delimitada)

Praza do Concello (a zona a decorar será a delimitada)

Muíño do parque do río Rodeiro

Parque do río Rodeiro (a zona a decorar será a delimitada)

Pola singularidade destes espazos, o Concello poderá subvencionar o custe dos materiais e elementos que se instalen, previa xustificación, ata unha cantidade máxima de 200,00 €, no suposto unicamente de asociacións ou entidades sen ánimo de lucro.

Para poder decorar calquera dos espazos de titularidade municipal hai que solicitalo previamente no Concello a través do Rexistro municipal da Casa do Concello ou na sede electrónica municipal, achegando á solicitude un documento coa proposta que se pretende executar.

Axdudicaranse os espazos por orde de inscrición, podendo ser excluída calquera proposta por non se axustar aos criterios e bases deste concurso.

Nas propostas decorativas admitidas poderán aparecer o nome dos patrocinadores a modo publicitario. No suposto de empresas, asociacións ou entidades que non carezan de ánimo de lucro, participarán asemade no concurso e poderán ser premiadas unicamente co diploma acreditativo, sen poder optar aos premios en metálico en forma de vales.

Excepcionalmente, o Concello poderá autorizar a participación nesta modalidade de empresas ou asociacións radicadas en concellos lindeiros que pola súa vinculación con Rodeiro, pola valía da proposta ofertada ou por outras circunstancias de interese público así o aconsellen.

3. — ENTIDADE ORGANIZADORA.

O Organismo encargado da valoración do concurso será o Concello de Rodeiro a través da Concellería de Cultura, onde se dirixirán aquelas posibles incidencias, comunicados, etc que se produzan durante a celebración de dito concurso a través do correo electrónico xuliadacal@rodeiro.gal

4. — MATERIAIS EMPREGADOS.

Os materiais empregados para a decoración deberán ser na súa meirande parte material reciclado, así como materiais provenientes da natureza ou outro medio natural sempre que non se prexudique ou dane o medio ambiente.

Os participantes disporán de liberdade no estilo e técnica empregada na decoración da vivenda, negocio e espazo público.

Os elementos decorativos que se empreguen non poderán causar ningún perigo nin prexuízo para as persoas e os bens e basearanse na reciclaxe, a ecoloxía e a creatividade.

5. — *CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.*

A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos realizarase por cada un dos participantes.

A decoración presentada non poderá ser modificada, deberá ser visible dende a vía pública e non causar molestia aos veciños ou transeúntes nin obstruír o tráfico de vehículos ou persoas.

A decoración deberá ter relación co Nadal e os motivos tradicionais do mesmo, tendo os participantes plena liberdade en canto á técnica e estilo decorativo, quedando totalmente prohibida a utilización de velas, fachos, pirotecnia ou calquera outro elemento que puidera resultar perigoso.

A decoración deberá permanecer exposta como mínimo entre os días 20 de decembro do corrente e 7 de xaneiro de 2024, e contar as condicións precisas de conservación, coidado e seguridade durante todo o período de exposición.

As persoas ou entidades participantes nas categorías a) e b) realizarán fotografías do decorado. As fotografías deben ser en formato dixital e poderán ser en cor ou en branco e negro.

As fotografías deberán ser enviadas vía correo electrónico co asunto “concurso decoración de nadal”, á dirección xuliadacal@rodeiro.gal. Os participantes que non cumpran este requisito serán excluídos. No correo deberase indicar a categoría a que se presenta, os datos persoais e a dirección ou espazo a decorar.

Asemade, todas as fotografías das decoracións que se envíen deben contar con:

- a) Título da fotografía relacionado coa temática. O título da fotografía debe ser unha mensaxe non ofensiva.
- b) Nome e apelidos da persoa que a envía e no caso de negocio/empresa/asociación tamén a denominación social da mesma.
- c) Número de teléfono de contacto.
- d) Enderezo e localización dos emprazamentos para o acto de comprobación.

O prazo de admisión das fotografías rematará o día 23 de decembro.

A decoración deberá ser retirada polos participantes deixando a vía pública en perfecto estado de acondicionamento, limpeza e ornato.

Os participantes ceden o dereito das imaxes remitidas ao Concello de Rodeiro para a súa publicación en medios de comunicación, páxina web, redes sociais, para a realización dun álbum recordatorio, así como calquera outro soporte físico ou audiovisual co obxecto de publicidade corporativa.

6. — *PRAZOS.*

- *Prazo para envío das fotografías:* ata o día 23 de decembro de 2023.
- *Prazo de exposición da decoración:* ata o día 7 de xaneiro de 2024.
- *Prazo para a valoración:* Do día 1 ao día 3 de xaneiro de 2024.
- *Prazo de resolución de premios:* 4 de xaneiro de 2024.
- *Prazo de entrega de premios:* na data que se estableza a festa de Reis.

7. — *TEMA.*

A decoración do Nadal das fachadas, balcóns, xanelas, escaparates, espazos públicos, etc., que sexan visibles dende a

vía pública.

8. — VALORACIÓN.

Para a valoración das fotografías presentadas ao concurso, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Cantidad e tipoloxía de materiais reciclables ou da natureza empregados.
- d) Adecuación coa imaxe xeral do espazo onde estea instalada.
- e) Entusiasmo polo Nadal.

Cada membro do xurado emitirá a súa valoración nunha acta de votación por categoría e o sistema de votación será o seguinte:

- Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 10 puntos por cada un dos criterios.
- A suma de todos os puntos , dará lugar aos/ás gañadores/as do concurso.
- No caso de empate, volverase a puntuar, pero nesta ocasión se puntuará do 1 ao 3, así sucesivamente ata que se consiga un claro gañador/a.
- En caso de empate, será designada a candidatura que máis número de veces acadase a puntuación máxima (10 puntos). Se aínda así continuase o empate, a designación correspondería á quen acadase máis 9 e así sucesivamente.
- O fallo será inapelable, podendo declarar deserto o concurso.
- Formulado o fallo, e emitida a acta, a competencia para o outorgamento do premio corresponde a Concellería de Cultura ou órgano no que delegue.
- Os/as concursantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.
- Os premios se establecerán en función da maior puntuación obtida.
- Unha vez emitido o fallo, o Concello contactará cos premiados/as (persoa individual ou representante do negocio ou asociación) para informarlles do resultado.
- A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases.

9. — O XURADO.

O xurado estará formado polos seguintes integrantes:

PRESIDENTA: A concelleira-delegada de Cultura

VOGAIS: Tres (3) veciños/as ou naturais do Concello con coñecementos acreditados no eido das belas artes ou que exerzan profesións relacionadas co ámbito artístico, designados/as pola Xunta de Goberno Local.

SECRETARIO (con voz e sen voto): O administrativo-encargado do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares”.

10. — PREMIOS.

Os premios divídense por categoría da seguinte forma:

1º Categoría

- 1º Premio: 200,00 €
- 2º Premio: 150,00 €
- 3º Premio: 100,00 €

2º Categoría

- 1º Premio: 200,00 €
- 2º Premio: 150,00 €
- 3º Premio: 100,00 €

3º Categoría

- 1º Premio: 200,00 €
- 2º Premio: 150,00 €
- 3º Premio: 100,00 €

11. — ENTREGA DOS PREMIOS.

Os premiados serán entregados o día de Reis na carpa municipal.

Os premiados recibirán o día do acto un diploma do Concello acreditativo do premio.

Os premios consistirán nun vale para gastar no comercio, hostalería ou empresas de servizos de Rodeiro.

A data de entrega dos premios do concurso comunicarase aos/ás interesados/as e publicarase na web do Concello (sede electrónica, paxina de Facebook, etc).

DISPOSICIÓN FINAIS.

A participación implica a aceptación desta convocatoria e calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización.

O Concello informa que os datos de carácter persoal que sexan facilitados serán obxecto de tratamento nos nosos ficheiros, coa finalidade de xestionar a participación no concurso, comunicar a condición de gañadores e entregar os premios correspondentes. Os datos do nome, apelidos e a dirección onde a decoración está instalada poderán ser publicados tanto nas páxinas web do organizador, como en calquera outro medio de comunicación electrónico ou convencional. A participación no concurso supón a plena aceptación do tratamento e cesión dos datos persoais e do uso das fotografías proporcionadas, nos termos expostos nesta convocatoria.

Coa participación no neste concurso autorízase ao Concello de Rodeiro ao uso de forma gratuíta da imaxe por tempo ilimitado.

8.- APROBACIÓN DAS BASES DO I CONCURSO DE LENDAS, HISTORIAS E DEMAIS CONTOS

Infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que, por iniciativa da Concellería-Delegada de Cultura e tamén por primeiro ano, o Concello de Rodeiro organiza un concurso que vai contribuír a recuperar o patrimonio inmaterial do coñecemento popular en forma de lendas, historias e demais

contos obxecto de transmisión oral entre xeracións.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases do concurso, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de CATROCENTOS CINCUENTA EUROS (450,00 €), co cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, para o abono dos premios establecidos nas bases para os/as gañadores/as do concurso.

ANEXO

BASES DO I CONCURSO DE LENDAS, HISTORIAS E DEMAIS CONTOS.

Primeira.- Sobre a participación

Establécense dúas categorías ou modalidades:

- Xuvenil: para participantes de entre 10 a 17 anos
- Adultos: a partir dos 18 anos.

Segunda.- Sobre as características dos traballos a presentar

Os traballos que se presenten a concurso de LENDAS, HISTORIAS E DEMAIS CONTOS deberán axustarse a unha serie de características que se sinalan a continuación:

1. Deberán ser populares e recibidas mediante a tradición oral, narradas polos avós ou familiares.
2. Terán unha extensión máxima de cinco folios tamaño A4 e poderán conter debuxos ilustrativos.
3. A obra deberá ter un título e asinarse cun pseudónimo que non identifique ao autor.
4. Cada participante só poderá presentar un único traballo.

Terceira.- Sobre a presentación

Os traballos deberán entregarse de xeito presencial no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares", ou envialos por correo á súa dirección (Rúa A, 28.- 36530 Rodeiro). Deberá conter un título e a identificación cun pseudónimo.

Xunto a entrega do traballo depositarase en sobre pechado a información seguinte: pseudónimo empregado; título do relato; datos persoais do autor (nome, DNI, idade, enderezo, teléfono de contacto e dirección de e-mail, se a ten). Independentemente da modalidade de envío, para os menores de idade, será necesario, ademais, o nome do pai/nai ou titor que apoie a súa candidatura cun número de teléfono de contacto.

O prazo para a presentación dos traballos finaliza o día 31 de decembro de 2023.

Cuarta.- Sobre a composición do xurado

O xurado estará composto polos seguintes membros:

Presidenta: A concelleira-delegada de Cultura.

Vogais: Dous representantes da comunidade educativa e cultural de Rodeiro designados polo Concello.

Secretario: O administrativo do Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares", con voz e sen voto.

Non poderán ser membros do xurado as persoas que manteñan un vínculo familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade co algún dos participantes no concurso.

Quinta.- Sobre a valoración dos traballos e a concesión dos premios

Concederanse tres premios por cada categoría. Os sobres serán abertos polo xurado no momento de proceder á valoración dos traballos presentados. Na valoración dos traballos teranse en conta a calidade e a orixinalidade con carácter preferente. O xurado poderá deixar vacante calquera dos premios establecidos se ao seu criterio os traballos presentados non acadan o mínimo de calidade esixible. As decisións do xurado a estes efectos son inapelables.

Os premios consistirán en lotes de libros e/ou material educativo a adquirir polos premiados en establecementos de Rodeiro, coa seguinte contía económica:

- Primeiro premio: 100,00 €
- Segundo premio: 75,00 €
- Terceiro premio: 50,00 €

Non obstante, todos os participantes recibirán un diploma pola súa contribución ao concurso. Os premios e diplomas serán entregados nunha data que se anunciará previamente, en coincidencia con algunha actividade de carácter cultural programada polo Concello.

Sexta.- Sobre a utilización dos traballos presentados

Os traballos presentados serán publicados na web municipal para coñecemento xeral, se ben non se coñecerán os ganadores ata o acto de entrega dos premios.

Sétima.- Disposición adicional

A participación no concurso supón a conformidade e aceptación das presentes bases. Calquera situación non prevista nas presentes bases e a súa interpretación no caso de dúbida será resolta polo xurado.

10.- CONCESIÓN DA SEXTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2022

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 25 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 24/02/22. Con data 18 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 622, do 22/04/22).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez con data 30/11/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a sexta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coas contías e destinos que se especifican:

Investimentos

BENEFICIARIA	NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	270,00 €	Adquisición de electrodomésticos básicos (humidificador)

Gastos correntes

BENEFICIARIA	NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	363,00 €	Pagamento de recibos (leña)
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	200,00 €	Uso de vivenda (pagamento de gastos de alugueiro)

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2022. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2023. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 165,62 €
Por subministro de produtos de limpeza e para o Concello, s/factura núm. FC9725-2.
- MERCAHILBE S.L. 41,02 €
Por subministro de produtos de limpeza para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 10000006.
- AGROCAMBA V. FARO S.L. 140,00 € E 232,90 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/facturas núm. 23FV 1481 e 23FV 1710.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 66,55 €
Por traballos de instalación de amplificador de son no ximnasio municipal, s/factura núm. 75/23.
- ALMACENES CALMERA S.L. 379,90 €
Por subministro de equipamento para o ximnasio municipal, s/factura núm. 143 026690.
- BCR DEZA ENXEÑEIROS S.L. 15.215,75 €
Honorarios técnicos da obra incluída no Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local, s/factura núm. 23173.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estando a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)